



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 13/02/2023

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro. (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as:

D^a Raquel Caruncho Corral (PSdeG-PSOE)
D^a Yolanda Vázquez Busto (PSdeG-PSOE)
D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)
D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)
D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)
D. Luis Angel Díaz González. (PP)
D. Luis Pena Mosquera (BNG)
D^a Rocío Souto Torre (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as nove horas e trinta e oito minutos do día trece de febreiro de dous mil vinte e tres, xúntanse, en sesión extraordinaria e urxente do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, os concelleiros e concelleiras membro do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e o Interventor accidentais.

A Secretaria accidental:

D^a Eva Guerrero Rico

O Interventor accidental

D. José Luis Sande Vázquez

Non asiste (xustificando a ausencia):

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)
D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 13/02/2023.

A Secretaria accidental da lectura a Proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 13 DE FEBREIRO DE 2023.

(Expediente TEdC 2023/G006/000022)

Logo de ver a convocatoria efectuada pola Deputación provincial da Coruña do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concello) POS+ 2023 e o POS+ Adicional 1/2023 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

Tendo en conta que o prazo para presentación de solicitudes remata o día 14 de febreiro de 2023 ás 15h, e que non foi posible ter concluído con anterioridade a tramitación dos distintos expedientes que se propoñen para a súa inclusión no POS + 2023 e POS + Adicional 1/2023.

Tendo en conta o establecido no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, ao respecto dos asuntos sen ditaminar pola correspondente Comisión Informativa.

*É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA:***



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 13/02/2023 e a inclusión na orde do día da sesión os asuntos:

1. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (Expediente: 2022/A003/000045)

2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS (Expediente: 2022/A003/000045)".

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e dos concelleiros do Grupo Municipal do PP(2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 abstencións** da concelleira e do concelleiro que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

ÚNICO.- Ratificar a urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno do día 13/02/2023 e a inclusión na orde do día da sesión os asuntos:

1. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA (Expediente: 2022/A003/000045)

2. PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS (Expediente: 2022/A003/000045).

2.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Secretaria accidental da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL. (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2023"

Expediente: 2022/A003/000045

Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 28.11.2022, relativa á aprobación "Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2023", aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 25.11.2022, na que se comunica a este Concello que as cantidades do POS +2023 para cada un dos tipos de achega son as que figuran na seguinte táboa:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ASIGNACIÓN POS+ 2023					
Concello: PONTEDEUME					
Acheга provincial 2023	Acheга provincial 2022			Préstamo provincial 2023	TOTAL POS + 2023
	Baixas/ Anulac	Asignación	Total Acheга 2022		
189.193,62	215,13	90.070,05	90.285,18	3.941,53	283.420,33

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2023 (BOP nº 228 de 01.12.2022).

Tendo en conta que o Pleno do Concello de Ponte deume, en sesión celebrada o día 31.07.1997, adjudicou definitivamente o "Contrato administrativo de concesión dos servizos públicos de abastecemento de auga potable, mantemento da rede de saneamento (rede de sumidoiros) e depuración de augas residuais na modalidade de concesión administrativa" e por tanto, a xestión integral do ciclo da auga, á empresa Promoción Técnica y Financiera de Abastecimientos de Agua, SA (AQUAGEST); mediante esta fórmula de xestión indirecta do servizo de abastecemento de auga potable, o Concello, que segue a ser o titular daquel, transfería a unha empresa privada a xestión do servizo, asumindo esta o risco económico da actividade sendo que, dende ese momento, a distribución da auga non constitúe exercizo dunha actividade económica por parte do Concello, polo que de acordo coa normativa do imposto, non se poden deducir as cotas do IVE soportadas polos gastos derivados de obras realizadas na rede de abastecemento.

Logo de ver os informes/anexos da convocatoria, que constan no expediente.

Esta Alcaldía-Presidencia **PROPÓN:**

PRIMEIRO..- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2023", "achega provincial 2022" e "préstamo provincial 2023":

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Acheга provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	189.193,62 €
Acheга provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0 €
Subtotal gasto corrente	189.193,62 €

B) Financiamento de investimentos:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastece m. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2023					0 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostíbeis)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecem . auga potable)	Total Concello	
RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA MARXE ESQUERDA DA ESTRADA AC-144 (P.Q. 2+261 A P.Q. 2+421)	90.285,18 €	0		0 €	90.285,18 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	90.285,18 €	0 €		0 €	90.285,18 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello				Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Total concello	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	189.193,62 €				189.193,62 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)					
B- INVESTIMENTOS	Achega 2023					
	Achega 2022	90.285,18 €				90.285,18 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023					
D- TOTAL	Achega 2023	189.193,62 €				189.193,62 €
	Achega 2022	90.285,18 €				90.285,18 €
	Préstamo 2023					
	TOTAL	279.478,80 €				279.478,80 €

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento contrata (A)	IVE soportado deducible (B)	Orzamento subvencionable (C= A-B)
(mínimo do 25% do total de achega préstamo provincial asignado)	(encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE)	(encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE)	(encher esta columna se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE)

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	deducible)	deducible)	deducible)
PAVIMENTACIÓN RENOVACIÓN DE SERVICIOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA	E 75.004,16 €		
TOTAIS	75.004,16 €		

TERCEIRO.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra D. Daniel Ríos Fernández, concelleiro delegado de vías e obras, quen da conta do contido da proposta. Indica que hai unha parte do POS que ten que ir dedicada a inversión financeiramente sostible, neste caso vai a unha nova fase da rede de abastecemento, obra xa anunciada no Pleno do pasado mes; de seguido comenta que con cargo ao Plan Complementario, hai un camiño na parroquia de Centroña (Castrelo), no que se renova o pavimento e o servizo de saneamento. Finalmente di, con respecto ao gasto corrente, que é similar a anos pasados, dedicado a mantemento eléctrico e ao tratamento de residuos.

De seguido, intervén D. Santiago José Piñeiro, portavoz do Grupo Municipal do PP, quen di que que ogallá a partida económica fora maior para facer máis inversión. Anuncia que o sentido do voto do seu grupo á proposta vai a ser a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e dos concelleiros do Grupo Municipal do PP(2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 abstencións** da concelleira e do concelleiro que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO..- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ 2023” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2023”, “achega provincial 2022” e “préstamo provincial 2023”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2023:

	Deputación
Achega provincial 2023 aplicada ao financiamento de gastos correntes	189.193,62 €
Achega provincial 2022 (Excepción da Base 2.1 final)	0 €
Subtotal gasto corrente	189.193,62 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2023	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastece m. auga potable)	Total Concello	
Subtotal investimentos achega provincial 2023					0 €

ACHEGA PROVINCIAL 2022 (Investimentos financeiramente sostibles)	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega	IVE	Total	

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

		municipal	soportado deducible (só abastecem. auga potable)	Concello	
RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA MARXE ESQUERDA DA ESTRADA AC-144 (P.Q. 2+261 A P.Q. 2+421)	90.285,18 €	0		0 €	90.285,18 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	90.285,18 €	0 €		0 €	90.285,18 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que se relacionan nestas táboas.

C Redución de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	PRÉSTAMO PROVINCIAL 2023 aplicado á redución da débeda
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras	

D Resumo:

POS+ 2023 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Concello			Orzamento Total
		Deputación	Concello	IVE Soportado deducible (só abastecem. auga potable)	
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2023	189.193,62 €			189.193,62 €
	Achega 2022 (Excep. Base 2.1)				

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

B- INVESTIMENTOS	Achega 2023				
	Achega 2022	90.285,18 €			90.285,18 €
C- REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2023				
D- TOTAL	Achega 2023	189.193,62 €			189.193,62 €
	Achega 2022	90.285,18 €			90.285,18 €
	Préstamo 2023				
	TOTAL	279.478,80 €			279.478,80 €

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2023 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata (A) (encher só esta columna se non hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	IVE soportado deducible (B) (encher ademais esta columna se hai actuacións de abastecemento auga potable con IVE deducible)	Orzamento subvencionable (C= A-B) (encher esta columna se se encheu a columna B por actuacións de abastecemento con IVE deducible)
PAVIMENTACIÓN E RENOVACIÓN DE SERVICIOS NO CAMIÑO DE VELIÑO EN CENTROÑA	75.004,16 €		
TOTAIS	75.004,16 €		

TERCEIRO.- Declarar que o Concello está a tramitar os correspondentes expedientes tendentes á obtención das respectivas disponibilidades dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos incluídos no presente acordo, e no mesmo sentido, no relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2023 Base, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

3.- PARTICIPACIÓN NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

A Secretaria accidental da lectura a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2023" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

(Expediente TEdC: 2022/A003/000045)

Tendo en conta a circular da Deputación da Coruña de data 07/12/2022, relativa ao "**POS+ Adicional 1/2023**" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, na que se comunica a este Concello que as cantidades do POS+ADICIONAL 1/2023 para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2023 son as que figuran na seguinte táboa:

Concello	Ponte deume
Achega provincial POS+ADICIONAL 1/2023 para gastos sociais extraordinarios	55181,47 €

Logo de ver as s Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ 2023 (BOP nº 228 de 01.12.2022), aprobadas polo Pleno da Deputación Provincial da Coruña, con data 25 de novembro de 2022.

Logo de ver os informes/anexos da convocatoria, que constan no expediente.

Esta Alcaldía-Presidencia **PROPÓN:**

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "**POS+ Adicional 1/2023**" da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023	55181,47 €
Dato notificado que figura no seu expediente	

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	PREVISIÓ N DE GASTOS 2023	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONA L 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
GASTO CORRENTE	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación,</p>			0,00 €		0,00 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<p>perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>					
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>	99.357,52 €	0,00 €	99.357,52 €	50.174,87 €	49.182,65 €
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>	5.006,60 €		5.006,60 €	5.006,60 €	0,00 €
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os</p>			0,00 €		0,00 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

requisitos recollidos na base 12.1.h.					
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES <i>Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación</i>	104.364,12 €	0,00 €	104.364,12 €	55.181,47 €	49.182,65 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONAL 2023	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	104.364,12 €	0,00 €	104.364,12 €	55.181,47 €	49.182,65 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	55.181,47 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)	55.181,47 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra D^a. Raquel Caruncho Corral, concelleira delegada de Servizos Sociais, quen da conta da proposta, para a aplicación da achega a servizos de conciliación, coa ampliación da escola infantil, e apertura dunha quinta aula, que supón un incremento importante no orzamento anual; ademais, solicítanse parte da achega para doutro xeito di, que solicítase ao redor de cinco mil euros, para poder alugar unha aplicación que se encargaría da xestión directa dos gastos do SAF, que aliviaría moito o traballo do departamento de servizos sociais.

De seguido, toma a palabra D^a. Rocío Souto Torre, concelleira do Grupo Municipal do BNG, quen pregunta se non se dedica gasto a reforzar o SAF.

A Sra. Caruncho Corral di que, neste caso, dende o goberno local , contesta D^a. Raquel Caruncho, quen di que o servizo de axuda no fogar financiase a través do plan concertado e que, neste caso, dende o goberno local decidiuse destinar esta achega á apertura da quinta aula da escola infantil, que implica un aumento grande de persoal para cumprir coas ratios, así como o reforzo do persoal de limpeza e cociña...

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADA por MAIORÍA de 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE(7): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a Raquel Caruncho Corral, D^a Yolanda Vázquez Busto, D^a Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e dos concelleiros do Grupo Municipal do PP(2): D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; e **2 abstencións** da concelleira e do concelleiro que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D^a Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ Adicional 1/2023**” da Deputación Provincial da Coruña para o **financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial preasignada do POS+ADICIONAL/2023	55181,47 €
Dato notificado que figura no seu expediente	

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 GASTO CORRENTE	PREVISIÓN DE GASTOS 2023 (A)	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (C=A-B)	PREVISIÓN DO IMPORTE A IMPUTAR AO POS+ADICIONAL 2023 (D)	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO (E=C-D)
a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello,	0,00 €		0,00 €	0,00 €	0,00 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<p>co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>					
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores e/ou dependentes, persoas con diversidade funcional, persoas con enfermidade mental, persoas con adiccións, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero e aquelas persoas en risco de exclusión social, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p> <p>As axudas en especie consideraranse gasto corrente sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.</p>			0,00 €		0,00 €
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS.</p> <p>Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao</p>			0,00 €		0,00 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.					
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.	99.357,52 €	0,00 €	99.357,52 €	50.174,87 €	49.182,65 €
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			0,00 €		0,00 €
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.	5.006,60 €		5.006,60 €	5.006,60 €	0,00 €
g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
h) Axudas económicas para os gastos de consumo enerxético ás persoas consumidoras vulnerables que cumpran os requisitos recollidos na base 12.1.h.			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES Este importe poderá ser aplicado en calquera dos apartados anteriores na xustificación	104.364,12 €	0,00 €	104.364,12 €	55.181,47 €	49.182,65 €

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023 INVESTIMENTO	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONA L 2023	OUTROS RECURSO S PROPIOS DO CONCELL O
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
i) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			0,00 €		0,00 €
j) Adquisición de equipamento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos equipos técnicos de servizos sociais municipais			0,00 €		0,00 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €

	PREVISIÓN DE GASTOS	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE IMPUTADO AO POS+ADICIONA L 2023	OUTROS RECURSO S PROPIOS DO CONCELL O
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2023	104.364,12 €	0,00 €	104.364,12 €	55.181,47 €	49.182,65 €

I. IMPORTE SOLICITADO PARA GASTOS CORRENTES	55.181,47 €
II. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento técnico asistencial para cesión (i)	0,00 €
III. IMPORTE SOLICITADO PARA INVESTIMENTOS: Equipamento para o desenvolvemento dos servizos sociais municipais (j)	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2023 (I + II + III)	55.181,47 €

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as nove horas e corenta e catro minutos do expresado día.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 27/04/2023, segundo o borrador asinado o día 20/03/2023. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do Alcalde e da Secretaria, que dá fe.